Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A moza e o Demo

Unha mañá ía unha muller coa súa filla camiño da feira. A rapaza entretíñase con cada flor que atopaba polo camiño. Ó pasar por diante dunhas pedras, a muller murmurou cara á filla:

—Se foras unha pedra, andarías máis axiña.

Un pouco máis atrás, a rapaza ficaba mirando unha flor de cor vermella que lle ofrecía un extraño ser que había enriba das pedras que vira antes súa nai.

Sen pensalo, achegouse a collela e inmediatamente quedou convertida nunha pedra. A muller, ó darse conta da falta da súa filla, volve atrás comprobando que no sitio onde antes estaban dúas pedras, agora había tres, e que unha tiña unhas extrañas formas de muller.

Seguidamente oe unha forte gargallada e un intenso aroma a ovos podres...

[Lenda remitida por Laura Pardeiro, de As Nogais (Lugo), en xuño de 2009. Informante: a súa avoa, que sitúa o lugar do suceso nas proximidades de Cervantes (Lugo)]